

[Empty dashed-line box for writing]

[Empty dashed-line box for writing]



[Empty dashed-line box for writing]



Hai persoas que deixan pegada en nós



● Na nosa vida coñecemos persoas que, pola súa forma de ser e de comportarse connosco, déixannos pegada e non queremos deixar de velas nin de telas preto.

Unha profesora inesquecible

Nun colexio había unha profesora moi querida polos seus alumnos. Era cariñosa con eles e preocupábase de todos; facía o posible para que aprendesen e entendesen ben as leccións.

Tiña moita paciencia e explicáballes con calma todo; parábase con cada un ata que todo quedaba claro.

Os alumnos ían contentos ao colexio, progresaban moito e tiñan confianza para facerlle preguntas cando algún tema ou exercicio lles resultaba difícil.

Pero tamén era esixente con eles: pedíalles que estivesen atentos, que fixesen os deberes, que se comportasen ben uns con outros. Ás veces corríxíaos, pero todos os alumnos sabían que era polo seu ben e aceptábano de boa gana.

Un día chegou a noticia de que esa profesora tiña que marchar a outro colexio. Todos quedaron moi tristes, tanto os nenos coma seus pais. Pedíanlle que non marchase, que non os deixase. Entón ela díxolles:

-Eu voume pero quedará convosco unha amiga íntima miña; dende pequenas coñecémonos e tratámonos, queremos e parecémonos na forma de ser. Ela seguirá levando a clase como o fixen eu, quereravos moito e trataravos tan ben coma min.

Os alumnos, aínda que sentían que a súa profesora marchase, quedaron consolados coas súas palabras. A nova profesora recordáballes as palabras e os consellos da anterior e así os alumnos seguían recordando con cariño todo o que a anterior profesora fixera por eles.



Responde a estas preguntas.

- ¿Por que eses alumnos lle querían tanto á súa profesora? ¿Como se sentiron cando se decataron da súa marcha?
- ¿Que significou para eles que a substituíse unha amiga súa?



¿Quen é o Espírito Santo?

- É Deus coma o Pai e o Fillo.
- É a terceira persoa da Santísima Trindade.

¿Que fai o Espírito Santo?

- Ensina, fortalece,
- Transforma, une aos Apóstolos.

¡Queremos acoller o Espírito Santo no noso corazón!



Responde a estas preguntas:

- ¿Que promete Xesús aos discípulos antes de irse?
- ¿Cando reciben os Apóstolos o Espírito Santo?
- ¿Que signos se dan ao chegar o Espírito Santo?



Completa estas frases, poñendo onde corresponda estas palabras:

forza reúnenos alegría recoñecer valentía

- O Espírito Santo enche aos Apóstolos de _____ e de _____ para anunciar o Evanxeo.
- O Espírito Santo axúdanos a _____ que Xesús é o Fillo único de Deus.
- O Espírito Santo dános _____ para vivir coma Xesús.
- O Espírito Santo _____ como familia e ensínanos a chamarlle a Deus, Pai.



Busca na sopa de letras os froitos do Espírito Santo:

alegría

valentía

fe

fortaleza

unidade

recordo

ensinanza

B	J	V	A	L	E	N	T	I	A
A	D	O	M	G	A	M	D	B	Z
L	G	B	F	T	I	F	N	Q	U
E	N	S	I	N	A	N	Z	A	N
G	P	H	C	R	B	G	A	U	I
R	G	D	J	F	N	O	F	R	D
I	R	E	C	O	R	D	O	O	A
A	P	F	V	H	A	I	L	S	D
D	A	B	L	G	C	S	C	B	E
T	F	O	R	T	A	L	E	Z	A

_____ Espírito Santo _____
que procede do Pai e do Fillo.